

Parque Natural Las Batuecas-Sierra de Francia, Sierra de Gredos-Béjar e Bosques de Ambroz. “Laurisilvas e desfiladeiros do Sistema Central Ibérico”

17, 18, 19, 20 de abril

PROGRAMA

Xoves 17

9h. **Partida.** O punto de encontro será O Porriño

15h. **Ruta. dos Bosques de Ambroz**

Ruta linear Lonxitude, 6km Altitude, 1100m-1300m Dificultade, baixa

Pola vertente norte da Serra de Béjar, un antigo camiño atravesamos extensos bosques abovedados de castaños e bosques mixtos con rebolo, acompañados de socalcos de cerdeiras e ameixeiras,...

Para contemplarmos...

19h. **Hospedaxe**

Venres 18

10,30h **Ruta “A Fervenza das Batuecas”**

Ruta linear Lonxitude, 11km Altitude 495-900m Dificultade, baixa

Unha grande emoción. A ruta máis completa do Parque Natural Sierra de Francia-Las Batuecas.

Desde o Mosteiro das Batuecas, o bosque sombrizo de durillos nas zonas térmicas dá paso aos retortos erbedados; a medida que gañamos altitude e apreciamos os farallóns, as engrobas, aparece, entre os bosques de aciñeiras pendurados das penedías, a cabra montesa mantendo un equilibrio brillante. E no alto, o voitre leonado.

Logo, bosques de sobreiras cara ao sur, bosquetes de xenebreiros no alto e en chegando ao fin, a emperiquitada fervenza das Batuecas con pano de fondo vermello de óxidos de ferro. E, entrementes, poderemos gozar das pinturas rupestres esquemáticas e naturalistas. Para non perdermos..

17h. **Descanso. Opcións de visita, a Aula Arqueolóxica e Casa do Parque, La Alberca, Mogarraz, Miranda del Castañar, Sequeros, Villanueva del Conde.**

Sábado 19

10h. **Ruta “A Dehesa de Candelario. A montaña da Serra de Gredos-Béjar”**

Ruta circular Lonxitude, 12km Altitude, 1200m-1700m Dificultade, baixa-moderada
A excepcionalidade e singularidade. A fusión de bosques extensos de rebolos e bloques de caos de granito, bosques de ribeira, pastos de montaña e o seu impacto visual, amosan un espazo voluptuoso e belo para transitarmos paseniño e gozar...

17h. **Descanso. Opcións de visita, Hervás, Candelario, Montemayor del río.**

Domingo 20

10h. **Ruta “Os Bosques de érbedos e acivros. As laurisilvas”**

Ruta circular Lonxitude, 6km Altitude, 600m-700m Dificultade, baixa

Nas Batuecas, este paseo ofrece un treito fermoso de tres quilómetros que nos amosará as laurisilvas. No entorno agradábel, salientan os bosques de acivros, érbedos e restos relitos de carballeiras atlánticas.

13h. **Partida.**